

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA**

Por Resolución reitoral do 15 de xaneiro de 2024 publicouse a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2023/2024, no campus de Pontevedra.

Transcorrido o prazo establecido para emendar erros, achegar documentación requirida ou presentar alegacións, esta reitoría **RESOLVE**:

**Primeiro.** Aprobar e publicar a listaxe definitiva de axudas concedidas e denegadas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2023/2024 no campus de Pontevedra (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 31/10/2023, D.O.G. do 10 de novembro)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



## ANEXO I

## Lista definitiva de solicitudes concedidas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Importe concedido
Intelixencia Artificial Xenerativa para creadores de contidos	Javier Abuín Penas	1.500,00€
Experimentación e expresión sonora	Iria Vázquez López	1.500,00€
Tuft & Furious 2.0	Marcos Alberto Covelo Pérez	1.500,00€
Relacións Proceso Creativo- Terapéutico. O libro de Artista como fio conductor	Lucía Romani Fernández	1.345,76€
Autodefensa contra a desinformación	Alberto Dafonte Gómez	1.500,00€
Iniciación aos deportes de raqueta e pa: tenis e pádel	Iván Prieto Lage	1.500,00€
Civerconvivencia	Ignacio Nicolás Fernández Sainz	1.500,00€

## Lista definitiva de solicitudes denegadas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Motivo denegación
Social Ads: publicidade en redes sociais (Meta e Tik Tok)	Javier Abuín Penas	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Técnicas cerámicas	María Consuelo Matesanz Pérez	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Creación, Xestión e Posicionamento de páxinas web desenvoltas con WordPress	Luis Xabier Martínez Rolán	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Introdución ao Podcasting como ferramenta de comunicación	Luis Xabier Martínez Rolán	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Proxectos artísticos: elaboración, deseño e proceso	Román Corbato Pérez	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Descubrinto as árbores: identificación e usos	Paula Estévez Caride	Foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.

